

## **BASES REGULADORAS DE AXUDAS DE EMERXENCIA - COVID-19 DIRIXIDAS AO MANTEMENTO DOS TECIDO ECONÓMICO LOCAL**

### **BASE 1.<sup>a</sup> OBXECTO E FINALIDADE**

#### 1.1. Marco xeral

O artigo 25 da Lei 7/1985, de bases de réxime local, indica que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e as aspiracións da comunidade de veciños e veciñas e en particular o fomento do emprego no termo municipal.

En sentido similar, recóllese o artigo 80 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, que sinala, outras competencias nas seguintes materias:

- Abastos, matadoiros, feiras, mercados e defensa de usuarios/as e consumidores/as.
- A prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais.
- A ocupación do tempo libre e o turismo.
- A participación na formación de activos e persoas desempregadas.

Así, a finalidade última das presentes bases é o fomento e mantemento de emprego en colaboración cos autónomo e PEMES beneficiarios mediante o apoio para o mantemento da actividade empresarial profesional e reducir, deste xeito, as consecuencias económicas e empresariais derivadas da declaración do estado de alarma e a necesaria adaptación á nova realidade provocada polo COVID-19, en especial relativas a perda de emprego e peche de empresas.

#### 1.2. Obxecto e finalidade



## Concello do Carballiño

As bases teñen por obxecto regular a convocatoria para a concesión de axudas destinadas a traballadores/as autónomos, microempresas e pequenas empresas cuxo domicilio fiscal e local comercial ou negocio, afecto á actividade, radique no termo municipal de Carballiño e este último permanecera pechado ao público ou detivese a súa actividade empresarial, como consecuencia das medidas derivadas da declaración do estado de alarma provocado pola COVID-19, e cumpran os requisitos que se establecen nas presentes bases sendo a finalidade últimas das mesmas, o fomento de emprego no termo municipal.

A presente convocatoria pretende a consecución dos seguintes obxectivos:

- a) Paliar a incidencia que tivo a declaración do estado de alarma, acordada polo Goberno en virtude do Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, prorrogado en sucesivas ocasións, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, en todo o territorio nacional e, en concreto, no termo municipal de Carballiño, e minimizar o seu impacto económico e no emprego.
- b) Preservar o tecido empresarial, obrigado ao peche dos seus establecementos, ao tratarse de actividades non esenciais e, por tanto, afectadas polas prohibicións impostas pola declaración do estado de alarma.
- c) Protexer o interese xeral da veciñanza de Carballiño, dando soporte aos traballadores/as autónomos, ás microempresas e ás pequenas empresas tratando de manter todos os postos de traballo.
- d) Lograr que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, se produza canto antes unha reactivación da economía do noso Concello, actuando directamente sobre as persoas físicas e xurídicas máis afectadas, e tratar de evitar, na medida do posible, situacións de risco ou exclusión social derivadas do peche da actividade comercial e empresarial como competencia propia municipal (artigo 25.2 e. da Lei 7/1985).
- e) Impulsar a actividade económica no termo municipal de Carballiño, outorgándolles liquidez ás empresas do Concello para contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais e o mantemento da actividade e o fomento de emprego, e amortecer, así mesmo, a redución drástica de ingresos.
- f) Promover e mellorar a participación no uso das TICs (tecnoloxías da información e as comunicacións) (artigo 25.2 ñ. da Lei 7/1985) e fomentar a contratación para o desenvolvemento destas actividades.



**Concello do Carballiño**

## **BASE 2.ª RÉXIME XURÍDICO**

### **2.1. Regulación legal**

As subvencións rexeranse, nos termos establecidos nos artigos 3 e 5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, polo disposto nestas bases reguladoras; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, así como polo disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro de 2009, así como no disposto na Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Carballiño.

Así mesmo, considerarase o disposto nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2020 e demais normativa municipal aplicable.

Supletoriamente, será aplicable a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas e demais disposicións aplicables e as restantes normas de dereito administrativo, respectando, en todo caso, o establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e o Real decreto lei 5/2018, de 27 de xullo, de medidas urxentes para a adaptación do Dereito español á normativa da Unión Europea en materia de protección de datos.

### **2.2. Réxime de minimis**

As axudas que se concedan estarán sometidas ao réxime de minimis, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).

### **2.3. Concorrencia**

A concesión das subvencións reguladas nesta convocatoria realizaranse en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, isto é, terase en conta a orde temporal de entrada da solicitude ata terminar o crédito orzamentario destinado a esta finalidade e sen prexuízo do disposto na base 3ª en relación coa posibilidade de ampliación do crédito.



**Concello do Carballiño**

## **2.4. Publicación**

As bases reguladoras destas subvencións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, conforme ao artigo 9.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e, así mesmo, no portal de internet do Concello de Carballiño e no portal de transparencia, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

A publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, iniciará o prazo de presentación de solicitudes a partir do primeiro día hábil seguinte.

O acordo de resolución será obxecto de publicación no portal de internet do Concello de Carballiño (taboleiro de edictos electrónico) e na Base de Datos Nacional de Subvencións, publicación que proporcionará os efectos da notificación. Conforme ao artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, deberase remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20 da citada lei.

Os beneficiarios deberán, así mesmo, facer publicidade das subvencións e as axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e terán que dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

### **BASE 3.ª CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 300.000 € do vixente Orzamento Municipal de 2020, con cargo á seguinte aplicación orzamentarias:

241.00.479.00 Convocatoria de axudas para gastos correntes de emerxencia para autónomos, microempresas e pequenas empresas como consecuencia da crise sanitaria da COVID-19. Liñas 1, 2 e 3.

Tendo en conta o obxecto e a finalidade das presentes axudas, o procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrenza non competitiva, por orde de entrada no rexistro, para todos os solicitantes que cumpran as condicións, e ata finalizar o crédito.

As axudas serán compatibles con calquera outra para a mesma finalidade, sempre que o importe total subvencionado non supere o gasto total realizado e xustificado.

#### **BASE 4.<sup>a</sup> REQUISITOS**

Poderán solicitar a subvención prevista nas presentes bases as persoas físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión das subvencións e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que se trate dunha actividade empresarial ou profesional
- b) Que a actividade sexa desenvolvida por unha persoa física (traballador/a autónomo), unha microempresa, unha pequena empresa ou unha empresa de economía social.

Terán a consideración de traballadores/as autónomos beneficiarios aqueles que tributen mediante o sistema de estimación obxectiva ou ben aqueles que, tributando en estimación directa, non superen un millón de euros de importe neto de cifra de negocio anual (casa 01 modelo 130 ou equivalente que acredita o importe anual).

Para os efectos das presentes bases, terán a consideración de microempresas e pequenas empresas as que ocupen menos de quince traballadores/as e que non superen un millón de euros de importe neto de cifra de negocio (casa 00255 modelo 200 ou equivalente).

- c) Que teña o seu domicilio fiscal no termo municipal de Carballiño.
- d) Que se producise o peche total do establecemento ou que, ao ser cualificada como non esencial, se producise o cesamento total e absoluto da actividade, en aplicación do disposto no artigo 10 do RD 463/2020, de 14 de marzo, modificado polo RD 465/2020 de 17 de marzo.
- e) Que o solicitante estea exento do Imposto de Actividades Económicas no exercicio fiscal de 2020, extremo que se comprobará a través do último padrón aprobado.
- f) Que estea dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na mutua profesional correspondente e na Axencia Estatal de Administración Tributaria no momento da presentación da solicitude.
- g) Que non se atope incurso en ningunha das circunstancias previstas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e, en particular, estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS) no momento da presentación da solicitude, e coa Atriga e o Concello de Carballiño.



**Concello do Carballiño**

## **BASE 5.ª LIÑA DE AXUDAS. GASTOS SUBVENCIONABLES**

Os gastos subvencionables articúlanse arredor de 3 liñas de apoio, orientadas a favorecer a competitividade empresarial, o apoio para o mantemento da actividade profesional e reducir, deste xeito, as consecuencias económicas e empresariais derivadas da declaración do estado de alarma e a necesaria adaptación á nova realidade provocada polo COVID-19, en especial relativas a perda de emprego e peche de empresas.

### **LIÑA 1.- Gastos de alugueiro do local comercial**

Os gastos de alugueiro de local comercial efectivamente realizados desde a declaración do estado de alarma e ata un máximo de catro meses, podendo resultar, pois, subvencionables os gastos de alugueiro unha vez reaberto o local.

### **LIÑA 2.- Transición cara ao comercio en liña ou optimización do existente**

Serán subvencionables, entre outros, os seguintes gastos, a condición de que estean vinculadas co negocio para o que se solicite a axuda:

- ✓ Gastos de consultaría e formación para a dixitalización do negocio.
- ✓ Gastos para o desenvolvemento e mellora da web, así como para a introdución de pasarelas en liña de compras.
- ✓ Gastos en marketing e promoción dixital.
- ✓ Gastos anuais de subscrición a portais ou marketplace de venda en liña.
- ✓ Gastos de publicidade.
- ✓ Gastos de subscrición a internet.

Quedan excluídos neste punto os gastos relativos ás comisións por vendas.

**LIÑA 3.- Axudas para financiar os gastos derivados do cumprimento das especificacións de peche de actividade (en aplicación do disposto no artigo 10 do RD 463/2020, de 14 de marzo, modificado polo RD 465/2020 de 17 de marzo.) así como do servizo, limpeza, desinfección, mantemento e xestión do risco derivadas das medidas para a redución dos contaxios polo coronavirus SARS-CoV-2 (COVID-19).**

Serán subvencionables, entre outros, os seguintes gastos:

#### **3.1 Gastos sanitarios e de desinfección**

- ✓ Gastos de compra de mascarillas.
- ✓ Gastos de produtos de hixiene tipo xel hidroalcohólico
- ✓ Gastos de compra de luvas.
- ✓ Gastos de limpeza especiais realizados no establecemento



**Concello do Carballiño**

3.2 Gastos de asesoramento e consultaría, ou servizos profesionais especializados en que sexa necesario incorrer para a acometer as obras de inversión de acondicionamento do local polos efectos da COVID-19 e para lograr espazos máis seguros.

3.3 Gastos de asesoría, xestión e consultaría derivados do cumprimento das normativas de cese de actividade (tramitación de Ertes, xestión de axudas e subvencións) así como os gastos derivados da xestión para a obtención de certificados, privados ou públicos, que garantan a seguridade do espazo onde se exerza a actividade empresarial.

## **BASE 6.<sup>a</sup> CRITERIOS E CONTÍAS DAS SUBVENCÍONS**

Para os efectos de concesión das subvencións previstas nas presentes bases, terase en conta a orde temporal de entrada da solicitude.

Establécese un límite máximo de subvención do 90 % do total do gasto subvencionable, que non terá en conta o IVE.

Os límites máximos de subvención por beneficiario serán de 1.000 euros. A solicitude poderá dirixirse a unha soa liña, a dúas, ou ás tres, non debendo superar en ningún caso o importe total da axuda os 1.000,00 €, con independencia do número de liñas as que se dirixa a solicitude.

**En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro da presente convocatoria poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións concedidas por outras Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do obxecto subvencionable.**

## **BASE 7.<sup>a</sup> PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO**

### **7.1. Prazo de presentación de solicitudes e documentación preceptiva**

As solicitudes para participar no presente procedemento deberán presentarse no prazo de **quinze días hábiles**, a contar desde o día hábil seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense do extracto da convocatoria remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións. Da devandita publicación darase información no portal de internet do Concello de Carballiño.



**Concello do Carballiño**

O modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións reguladas nestas bases estará dispoñible na citada web municipal (anexos I e II) e incluíra unha declaración responsable asinada pola persoa interesada ou representante legal da persoa ou entidade solicitante, que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

- Que a actividade desenvolvida se viu afectada polo peche de establecementos disposto polo artigo 10 do RD 463/2020, de 14 de marzo, modificado polo RD 465/2020 de 17 de marzo.
- Que a persoa solicitante reúne os requisitos regulados nas presentes bases en canto ao número de traballadores/as, réxime de tributación e importe neto de cifra de negocio.
- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TXSS), coa Atriga e que non ten débedas pendentes co Concello de Carballiño.
- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pagamento establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro e, en concreto, nos apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34.
- Que a persoa solicitante se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que a persoa solicitante se compromete á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar, o máis axiña posible, as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da súa resolución.
- Que, en caso de tratarse dunha comunidade de bens, cooperativas, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica, non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 da devandita lei.

## **7.2. Lugar de presentación**

As solicitudes presentaranse, utilizando os modelos do anexo I e II, na sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico do Concello de Carballiño, a través do





**Concello do Carballiño**

portal de internet, conforme ao artigo 16 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións públicas.

### **7.3. Instrución do procedemento. Emenda e publicación de listaxes provisionais de persoas beneficiarias**

Recibidas as solicitudes, o departamento competente, a Concellería de Industria, Emprego e Dinamización Turística, levará a cabo a instrución do procedemento e realizará de oficio as actuacións que considere necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución.

Unha vez analizadas as solicitudes presentadas, procederase á publicación das seguintes listaxes **no portal de internet do Concello de Carballiño**:

-Listaxe 0). Listaxe de solicitudes denegadas por non cumprir os requisitos da convocatoria para os efectos de que se poidan formular alegacións no prazo de dez días hábiles. Unha vez transcorrido este prazo, publicarase a resolución coa listaxe definitiva de solicitudes denegadas.

-Listaxe A). Listaxe de solicitudes admitidas, propostas como beneficiarias. Esta listaxe confeccionarase unha vez resoltas as alegacións dos beneficiarios incluídos en na listaxe 0.

As persoas físicas ou xurídicas que se recollan nesta listaxe deberán presentar co modelo do anexo III, no prazo de quince días hábiles, os documentos en formato orixinal ou copia compulsada que aquí se indican. Considerarase que desisten da súa solicitude en caso de non facelo no prazo indicado.

#### **1. En caso de persoas físicas:**

- a) DNI polas dúas caras ou NIE, acompañado do pasaporte, se o indica.
- b) Certificado actualizado da situación censal que indique a actividade económica coa data de alta, o domicilio fiscal e o do local de desenvolvemento da actividade.
- c) Resolución ou certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou na mutua profesional correspondente.
- d) Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TXSS), coa Atriga e de non ter débedas pendentes co Concello de Carballiño.



## Concello do Carballiño

- e) Contrato de arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva a actividade e xustificante bancario do pagamento da renda correspondente no caso de acceder á Liña 1 de subvención.
- f) Facturas orixinais ou copias compulsadas e xustificantes de pagamento que acrediten a realización de gastos subvencionables das liñas 2 e 3, no seu caso, ou orzamento que acredite o importe do gasto previsto.
- g) Comunicación de subvencións concedidas coa mesma finalidade, co detalle da entidade concedente e o importe. No caso de que esta subvención anterior para a mesma finalidade fora incompatible coas da presente orde de axudas farase constar esta circunstancia neste escrito de comunicación. Neste suposto, o beneficiario deberá presentar un escrito facendo constar a súa renuncia á subvención anterior, conforme ao disposto na base 7.4.
- h) Última declaración presentada de IRPF para os efectos de acreditar o sistema de tributación e o importe neto de cifra de negocio anual (modelo 130 ou equivalente).
- i) Documento acreditativo da titularidade da conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.

### 2. En caso de persoas xurídicas, sociedades civís, comunidades de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:

- a) NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
- b) Certificado actualizado da situación censal da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica coa data de alta, o domicilio fiscal e, no seu caso, o local de desenvolvemento da actividade.
- c) Escritura de constitución e estatutos da persoa xurídica actualizados e inscritos no rexistro competente; no seu caso, contrato de constitución debidamente rexistrado da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
- d) Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude, en caso de non ser a mesma.
- e) DNI polas dúas caras ou NIE, acompañado polo pasaporte, se o indica, da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude, en caso de non ser a mesma.
- f) Alta no réxime da Seguridade Social correspondente da persoa administradora.
- g) Certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TXSS), coa Atriga e de non ter débedas pendentes co Concello de Carballiño.
- h) Contrato de arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva a actividade e xustificante bancario do pagamento da renda correspondente no caso de acceder á Liña 1 de subvención.



**Concello do Carballiño**

- i) Comunicación de subvencións concedidas coa mesma finalidade, co detalle da entidade concedente e o importe. No caso de que esta subvención anterior para a mesma finalidade fora incompatible coas da presente orde de axudas farase constar esta circunstancia neste escrito de comunicación. Neste suposto, o beneficiario deberá presentar un escrito facendo constar a súa renuncia á subvención anterior, conforme ao disposto na base 7.4.
- j) Facturas orixinais ou copias compulsadas e xustificantes de pagamento que acrediten a realización dos gastos subvencionables das liñas 2 e 3.
- k) Certificado emitido pola Seguridade Social no que conste o número medio de traballadores/as no ano 2019 e último modelo 200 ou equivalente presentado do Imposto de Sociedades.
- l) Documento acreditativo da titularidade da conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.

-Listaxe B). Listaxe de agarda.

No caso de que se presentasen máis solicitudes das que poidan ser atendidas coa dotación prevista, unha vez ordenadas de acordo co criterio temporal de entrada, elaborárase esta listaxe de persoas susceptibles de ser propostas como beneficiarias, se se producisen baixas na listaxe A).

Unha vez recibida e analizada a documentación polo órgano competente, este procederá a elaborar a proposta de resolución coas solicitudes admitidas e as axudas concedidas e denegadas, incluíndo os motivos da denegación. A proposta será publicada na páxina web do Concello e haberá un prazo de 10 días hábiles para presentar alegacións.

#### **7.4. Resolución do órgano competente**

O órgano competente para a adxudicación das axudas será a Xunta de Goberno Local.

Unha vez transcurrido o prazo para a presentación das alegacións contemplado na proposta de resolución e resoltas as mesmas, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo para a aprobación das axudas e de seguido procederase ao pago das mesmas a aqueles que xa incluíran as facturas e documentos bancarios de pago na documentación presentada co anexo III.

Naqueles casos nos que o beneficiario obtivera unha subvención anterior para a mesma finalidade e esta fora incompatible coas da presente orde de axudas, a resolución de concesión por parte da Xunta de Goberno local condicionarán os seus



**Concello do Carballiño**

efectos á presentación por parte do beneficiario da renuncia á subvención previamente obtida, así como no seu caso, do reintegro dos fondos públicos que tivera percibido (artigo 33.1 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións). Do mesmo xeito, o beneficiario da subvención no marco da presente orde de axudas poderá renunciar á mesma si posteriormente se lle concedera outra subvención para a mesma finalidade, que fora incompatible coa primeira. Para elo, deberá presentar no rexistro do Concello un escrito de renuncia á subvención nun prazo máximo de dous meses desde a data da resolución de concesión da axuda.

O Concello pola súa parte, procederá a esixir o reintegro da subvención cando teña coñecemento de que un beneficiario ten percibido outra ou outras subvencións incompatibles coa outorgada sen ter efectuado a correspondente renuncia.

A notificación do acordo da Xunta de Goberno Local, xunto coa transferencia correspondente á axuda concedida, trasladarase aos beneficiarios aos que se vaia a realizar o pago nun prazo máximo de dez días naturais dende a data do acordo.

O prazo máximo para a resolución do procedemento será ata o 15 de novembro de 2020. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada por silencio administrativo.

## **BASE 8.ª XUSTIFICACIÓN**

A data límite para a xustificación será dun mes dende a notificación da resolución.

A conta xustificativa terá carácter simplificado, tendo en conta o importe máximo subvencionable, e realizarase mediante a presentación do modelo anexo IV e presentarase polos mesmos medios indicados na base 7.ª2. Acompañarase da seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e o seu custo, co detalle de cada un dos gastos nos que incorrera. A extensión non excederá dunha folia.
- Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, seu importe, data de emisión, e data de pago.
- Facturas orixinais ou copias compulsadas e xustificantes de pagamento que acrediten a realización dos gastos subvencionables das liñas 2 e 3.



**Concello do Carballiño**

- Comunicación de subvencións concedidas coa mesma finalidade con detalle do ente concedente e importe.

O importe xustificado deberá alcanzar, polo menos, o importe da subvención concedida.

No caso de incluír as facturas e xustificantes de pagamento coa presentación do anexo III, esta fase só implicará a comunicación do propio anexo IV, a memoria e a comunicación das subvencións concedidas e, no seu caso, a renuncia ás mesmas.

O incumprimento da obrigaón de xustificación da subvención nos termos establecidos nesta base 8ª ou a xustificación insuficiente da mesma levará consigo o reintegro da axuda concedida, nas condicións previstas no artigo 33 da Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvencións de Galicia.

## **BASE 9.ª OBRIGAS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS**

Son obrigaóns das persoas beneficiarias:

- a) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.
- b) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos no artigo 37 da Lei xeral de subvencións e, en particular:
  - ✓ Obter a subvención falseando as condicións requiridas.
  - ✓ Ocultar as condicións que impediron a súa autorización.
  - ✓ Amosar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas no artigo 14 da Lei xeral de subvencións.
- c) Cumprir as restantes obrigas establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, xeneral de subvencións.
- d) Que a actividade para a cal recibe a subvención se manteña, a lo menos, durante os 6 meses posteriores á súa obtención.

## **BASE 10.ª PAGAMENTO DAS AXUDAS**

O pago destas subvencións realizarase a cada beneficiario pola totalidade do importe concedido a cada un, mediante transferencia bancaria, unha vez presentado o modelo III completo, sempre e cando acompañando este se presentaran as facturas e xustificantes bancarios do pago. En todo caso, o pago da subvención non eximirá da



**Concello do Carballiño**

obrigatoriedade da presentación do modelo IV e a documentación contemplada na base 8ª antes da finalización do prazo de xustificación o 1 de decembro de 2020.

No suposto de que as facturas e xustificantes bancarios se incorporen co anexo IV, será unha vez presentando este cando se proceda ao pago da subvención.

En todo caso, a retribución destas subvencións realizarase nun prazo máximo de dez días, a partir da data da resolución de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

### **BASE 11.ª INFRACCIÓNS E SANCIÓN S E REINTEGRO DA SUBVENCIÓN**

En canto as infraccións e sancións estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e demais normativa que resulte de aplicación.

Procederá a revogación das subvencións reguladas nas presentes bases, así como o reintegro total ou parcial do importe percibido, cando proceda, de acordo co disposto no título II da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o título III do seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, correspondendo a adopción do acordo ao mesmo órgano que aprobase a súa concesión.

### **BASE 12.ª RECURSOS**

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra ela cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Poderase formular, así mesmo, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditase a resolución impugnada, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións públicas.

### **BASE 13.ª ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA**

As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I

**Modelo de solicitude**

<b>Datos de identificación da persoa solicitante</b>		
DNI/ CIF	Nome e apelidos / Razón social	
Enderezo completo		
Municipio	Código Postal	Teléfono
Correo electrónico		
Nome comercial do establecemento		
Enderezo completo		
<p>....., ..... de ..... de 2020</p> <p style="text-align: center;">(Asdo. pola persoa interesada)</p> <p>ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARBALLIÑO</p> <p>De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de maneira confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivados dos procedementos e as consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.</p>		



Concello do Carballiño

## ANEXO II

### Modelo de declaración responsable

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI  
\_\_\_\_\_ en representación da empresa/empregador  
\_\_\_\_\_ con (NIF/CIF: \_\_\_\_\_)

Declara responsablemente

1. A actividade desenvolvida pola empresa que represento viuse afectada polo peche de establecementos disposto polo artigo 10 do RD 463/2020, de 14 de marzo, modificado polo RD 465/2020 de 17 de marzo.
2. Que a persoa solicitante reúne os requisitos regulados nas presentes bases en canto ao número de traballadores/as, réxime de tributación e importe neto anual de cifra de negocio e está exenta do pago do Imposto de Actividades Económicas.
3. Asumir o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
4. Que a persoa solicitante está ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TXSS), coa Atriga e non ten débedas pendentes co Concello de Carballiño.
5. Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pagamento establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro e, en concreto, nos apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34.
6. Que a persoa solicitante se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
7. Que a persoa solicitante se compromete á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar, o máis axiña posible, as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da súa resolución e fin do prazo de xustificación.
8. Que, en caso de tratarse dunha comunidade de bens, cooperativa, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica, non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos





**Concello do Carballiño**

artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de devandita lei.

Solicitude que se formula:

Concesión de subvención dentro da convocatoria regulada nas presentes bases do Concello de Carballiño, anualidade 2020, por unha contía de:

LIÑA 1: \_\_\_\_\_

LIÑA 2: \_\_\_\_\_

LIÑA 3: \_\_\_\_\_

TOTAL SOLICITADO: \_\_\_\_\_

O máximo de subvención por beneficiario será de 1.000 euros.

....., ..... de ..... de 2020.

(Asdo. pola persoa interesada)

**ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARBALLIÑO**

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de maneira confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivados dos procedementos e as consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.



**Concello do Carballiño**

**ANEXO III**

**Modelo para entrega de documentación como beneficiario da subvención**

<b>Datos de identificación da persoa solicitante</b>		
DNI/ CIF	Nome e apelidos / Razón social	
Enderezo completo		
Municipio	Código Postal	Teléfono
Correo electrónico		
Nome comercial do establecemento		
Enderezo completo		
<p>....., ..... de ..... de 2020.</p> <p>(Asdo. pola persoa interesada)</p> <p><b>ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARBALLIÑO</b></p> <p>De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de maneira confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivados dos procedementos e as consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.</p>		



**Concello do Carballiño**

**Documentación que se achega (marcar SI/NON).**

En caso de persoas físicas:

\_\_\_\_\_ DNI polas dúas caras ou NIE, acompañado do pasaporte, se o indica.

\_\_\_\_\_ Certificado actualizado da situación censal que indique a actividade económica coa data de alta, o domicilio fiscal e o do local de desenvolvemento da actividade.

\_\_\_\_\_ Resolución ou certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou na mutua profesional correspondente.

\_\_\_\_\_ Certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TXSS), coa Atriga e de non ter débedas pendentes co Concello de Carballiño.

\_\_\_\_\_ Contrato de arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva a actividade e xustificante bancario do pago da renda correspondente.

\_\_\_\_\_ Documento acreditativo da titularidade da conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.

\_\_\_\_\_ Comunicación de subvencións concedidas coa mesma finalidade con detalle do ente concedente, importe e no seu caso, facendo constar a incompatibilidade de ambas, así como a renuncia á subvención anterior.

\_\_\_\_\_ Última declaración presentada de IRPF para os efectos de acreditar o sistema de tributación e o importe neto anual de cifra de negocio (modelo 130 ou equivalente)

\_\_\_\_\_ Facturas orixinais ou copias compulsadas e xustificantes de pagamento que acrediten a realización dos gastos subvencionables das liñas 2 e 3, no seu caso, ou orzamento acreditativo do gasto previsto para realizar.



**Concello do Carballiño**

**Documentación que se achega (marcar SI/NON).**

En caso de persoas xurídicas, cooperativas, sociedades civís, comunidades de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:

\_\_\_\_\_ NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

\_\_\_\_\_ Certificado actualizado da situación censal da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica coa data de alta, o domicilio fiscal e, no seu caso, o local de desenvolvemento da actividade.

\_\_\_\_\_ Escritura de constitución e estatutos da persoa xurídica actualizados e inscritos no rexistro competente; no seu caso, contrato de constitución debidamente rexistrado da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

\_\_\_\_\_ Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude, en caso de non ser a mesma.

\_\_\_\_\_ DNI polas dúas caras ou NIE, acompañado polo pasaporte, se o indica, da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude, en caso de non ser a mesma.

\_\_\_\_\_ Alta no réxime da Seguridade Social correspondente da persoa administradora.

\_\_\_\_\_ Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TXSS), coa Atriga e de non ter débedas pendentes co Concello de Carballiño.

\_\_\_\_\_ Contrato de arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva a actividade e xustificante bancario do pagamento da renda correspondente.



**Concello do Carballiño**

\_\_\_\_\_ Certificado emitido pola Seguridade Social no que conste o número medio de traballadores/as no ano 2019 e último modelo 200 ou equivalente presentado do Imposto de Sociedades.

\_\_\_\_\_ Documento acreditativo da titularidade da conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.

\_\_\_\_\_ Comunicación de subvencións concedidas coa mesma finalidade con detalle do ente concedente, importe e no seu caso, facendo constar a incompatibilidade de ambas, así como a renuncia á subvención anterior.

\_\_\_\_\_ Facturas orixinais ou copias compulsadas e xustificantes de pago que acrediten a realización dos gastos subvencionables das liñas 2 e 3, no seu caso, ou orzamento acreditativo de gasto previsto para realizar.

*En caso de acreditar a través deste anexo III o gasto realizado nas liñas 2 e 3 mediante facturas e xustificantes bancarios, a presentación do anexo IV omitirá este apartado.*



## ANEXO IV

### Modelo para a presentación da conta xustificativa da subvención

Datos de identificación da persoa solicitante		
DNI/ CIF		Nome e apelidos / Razón social
Enderezo completo		
Municipio	Código Postal	Teléfono
Correo electrónico		
Nome comercial do establecemento		
Enderezo completo		
<p>..... de ..... de 2020.</p> <p>(Asdo. pola persoa interesada)</p> <p><b>ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARBALLIÑO</b></p> <p>De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de maneira confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivados dos procedementos e as consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.</p>		



**Concello do Carballiño**

**Documentación que se achega para completar a conta xustificativa:**

\_\_\_\_\_ Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e o seu custo, co detalle de cada un dos gastos nos que incorrera. A extensión non excederá dunha folla.

\_\_\_\_\_ Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, seu importe, data de emisión, e data de pago.

\_\_\_\_\_ Facturas orixinais ou copias compulsadas e xustificantes de pagamento que acrediten a realización dos gastos subvencionables das liñas 2 e 3 (no caso de que non se presentasen coa documentación do anexo III).

\_\_\_\_\_ Comunicación de subvencións concedidas coa mesma finalidade con detalle do ente concedente, importe e no seu caso, facendo constar a incompatibilidade de ambas, así como a renuncia á subvención anterior.

*En caso de acreditar a través do anexo III o gasto realizado nas liñas 2 e 3 mediante facturas e xustificantes bancarios, a presentación do anexo IV non incluírá este apartado.*



**Concello do Carballiño**

## ANEXO V

### CERTIFICACIÓN SOBRE A CONCORRENCIA E COMPATIBILIDADE DE AXUDAS

D/D.<sup>a</sup>.....  
co N.I.F./N.I.E. nº ....., na súa condición de.....  
e actuando en nome e representación da Entidade,.....  
co C.I.F. nº ....., co enderezo en.....  
.....

### CERTIFICA QUE

A entidade / persoa non ten solicitado ningunha outra axuda ou subvención, pública ou privada, destinada a financiar a presente actividade.

A entidade/persoa ten actualmente solicitadas as seguintes axudas para a presente actividade, as cales se atopan pendentes de concesión.

AXUDA SOLICITADA	ENTIDADE

A entidade ten recibido as seguintes axudas destinadas a financiar a presente actividade.





**Concello do Carballiño**

AXUDA SOLICITADA	ENTIDADE	COMPATIBILIDADE COA PRESENTE AXUDA (SI/NON)*

\*No caso de que a axuda concedida con anterioridade para a mesma actividade sexa incompatible coa actual, é preciso aportar o documento de renuncia a dita axuda anterior remitido á entidade concedente.

En ....., a ..... de ..... de .....

Firmado: .....

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de maneira confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.